

2017
2018



FORMACIÓN
PROFESIONAL



Familia profesional

Servizos socioculturais e á comunidade

agui hai
futuro

XUNTA DE GALICIA

CM Atención a persoas en situación de dependencia

Ciclo formativo de grao medio		Título LOE
Perfil profesional		Duración
		2.000 horas

Que se aprende a facer? Atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

En que ámbitos se traballa? No sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

Que ocupacións se desempeñan? Coidador/ora de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios, coidador/ora en centros de atención psiquiátrica, xerocultor/ora, gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións, auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade, auxiliar de axuda a domicilio, asistente de atención domiciliaria, traballador/ora familiar, auxiliar de educación especial, asistente persoal, teleoperador/ora de teleasistencia.

Caes son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0215	Apoio domiciliario	240
1º	MP0213	Atención e apoio psicosocial	240
1º	MP0216	Atención sanitaria	213
1º	MP0212	Características e necesidades das persoas en situación de dependencia	160
1º	MP0218	Formación e orientación laboral	107
2º	MP0214	Apoio á comunicación	87
2º	MP0217	Atención hixiénica	87
2º	MP0211	Destrezas sociais	123
2º	MP0219	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0220	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia	123
2º	MP0020	Primeiros auxilios	53
2º	MP0831	Teleasistencia	104

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia.	UC1016_2	Preparar e apoiar as intervencións de atención ás persoas e ao seu contorno no ámbito institucional indicadas polo equipo interdisciplinar.
MP0216	Atención sanitaria.	UC0249_2	Desenvolver intervencións de atención física domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria.
MP0217	Atención hixiénica.	UC1017_2	Desenvolver intervencións de atención física dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.
		UC1018_2	Desenvolver intervencións de atención sociosanitaria dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.
MP0213	Atención e apoio psicossocial.	UC0250_2	Desenvolver intervencións de atención psicossocial domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria.
MP0214	Apoio á comunicación.	UC1019_2	Desenvolver intervencións de atención psicossocial dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.
MP0215	Apoio domiciliario.	UC0251_2	Desenvolver as actividades relacionadas coa xestión e o funcionamento da unidade convivencial.
MP0831	Teleasistencia.	UC1423_2	Atender e xestionar as chamadas entrantes do servizo de teleasistencia.
		UC1424_2	Emitir e xestionar as chamadas saíntes do servizo de teleasistencia.
		UC1425_2	Manexar as ferramentas, as técnicas e as habilidades para prestar o servizo de teleasistencia.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC1016_2	Preparar e apoiar as intervencións de atención ás persoas e ao seu contorno no ámbito institucional indicadas polo equipo interdisciplinar.	MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia.
UC0249_2	Desenvolver intervencións de atención física domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria.	MP0216	Atención sanitaria.
UC1017_2	Desenvolver intervencións de atención física dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.	MP0217	Atención hixiénica.
UC1018_2	Desenvolver intervencións de atención sociosanitaria dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.		
UC0250_2	Desenvolver intervencións de atención psicossocial domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria.	MP0213	Atención e apoio psicossocial.
UC1019_2	Desenvolver intervencións de atención psicossocial dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.	MP0214	Apoio á comunicación.
UC0251_2	Desenvolver as actividades relacionadas coa xestión e o funcionamento da unidade convivencial.	MP0215	Apoio domiciliario.
UC1423_2	Atender e xestionar as chamadas entrantes do servizo de teleasistencia.	MP0831	Teleasistencia.
UC1424_2	Emitir e xestionar as chamadas saíntes do servizo de teleasistencia.		
UC1425_2	Manexar as ferramentas, as técnicas e as habilidades para prestar o servizo de teleasistencia.		